



Compostela garda nas súas rúas, prazas e edificios un legado histórico e artístico como poucas cidades no mundo poden presumir. Porén, non toda esta herdanza monumental pode ser visitada durante o ano.

A Semana do Patrimonio Invisible é un **ciclo programado pola Área de Cultura do Concello de Santiago de Compostela** que abre as portas de tesouros habitualmente fechados e ofrece visitas guiadas en grupos reducidos para crear unha experiencia cultural única e inesquecible.

.....

Queremos garantir o acceso á actividade ao maior número de persoas, polo que **cada solicitante poderá reservar un máximo de unha visita para dúas persoas.**



Colaboran:



As visitas guiadas que realizamos na **Semana do Patrimonio Invisible** baséanse en dúas premisas: a calidade do discurso narrativo e a protección dos bens culturais que visitamos. Por este motivo as prazas para cada quenda de visitas son limitadas, e o proceso de reserva **precisa da confirmación mediante correo electrónico** por parte da organización a cada visitante.

.....

Para facer as reservas é preciso entrar na páxina web oficial **patrimonioinvisible.gal** e completar o formulario de reservas.

**Reserva
a túa praza!**

patrimonioinvisible.gal

Máis información:
reservas@patrimonioinvisible.gal



C
**Compostela
Cultura
Patrimonio**

**SEMANA DO
PATRIMONIO
INVISIBLE**

Espazos agochados de Compostela

Do 7 ao 11 de setembro 2026

VIII edición



**Deputación
DA CORUÑA**



Mananciais de Compostela

Baixamos ás profundidades da terra para adentrarnos nos antigos mananciais de auga das fontes históricas da cidade medieval da fonte Branca e ponte Mantible. Unha experiencia para non esquecer.

Museo do Pobo Galego

Nesta visita descubriremos espazos non visitables do antigo convento de San Domingos de Bonaval, coñecendo o gran labor que existe detrás das salas de exposición nesta institución herdeira do Seminario de Estudos Galegos. Sorprenderaste cos detalles da recente rehabilitación da ala sur, as súas bibliotecas históricas ou as inusuais vistas da cidade.

Pazo de Bendaña - Fundación Granell

Mandado construír polos marqueses de Bendaña e rematado en 1759, este pazo urbano é un dos grandes expoñentes do barroco compostelán, obra de Clemente Fernández Sarela. Un percorrido polo seu interior permite escoitar os ecos do seu pasado fidalgo e acceder a espazos de acceso restrinxido do que hoxe é museo de Eugenio Granell.

Convento do Carme

Fundado no século XVIII pola madre María Antonia de Jesús como o primeiro cenobio de Carmelitas Descalzas en Galicia, este convento abre por primeira vez as súas portas ao público na Semana do Patrimonio Invisible. Unha grande oportunidade para adentrarse nun antigo espazo de clausura —hoxe habitado por monxes carmelitas—.

Pazo Arcebispal

Facendo ángulo coa porta da Acibechearía localízanse as dependencias do pazo arcebispal, antigamente coñecido como o “provisorato”, hoxe sede da curia. Tras a súa fachada decimonónica agóchanse algunhas sorpresas como a espectacular escaleira de honra que comunica coa cámara arcebispal.

Escavacións da Catedral

Baixo o chan da catedral agóchanse as orixes da cidade apostólica. Unha experiencia única para camiñar sobre as camadas superpostas de historia, que nos mostran a evolución do “Locus Sanctus” a través dos seus camposantos, da cerca de Cresconio e dos primeiros templos dedicados ao fillo do Trono.

Pazo de Raxoi

Fechando a Praza do Obradoiro fronte á fachada da Catedral, érguese esta marabilla do neoclásico francés deseñada polo enxeñeiro Charles Lemaur en 1766. Nesta visita accederemos ás dependencias municipais para coñecer o resultado da súa recente rehabilitación.

Auditorio de Galicia

Entramos nas partes menos coñecidas deste edificio deseñado polo estudio de Julio Cano Lasso en 1988. De carácter urbano e pechado cara á praza do Burgo das Nacións, ábrese á natureza no parque da Música. O volume dominante do escenario reflictese nunha lámina de auga, converténdose nun potente referente visual da cidade.

As Orfas

Fundado a finais do século XVI polo arcebispo Juan de Sanclemente para acoller e educar nenas desamparadas, este conxunto arquitectónico garda miles de historias á beira da antiga muralla da cidade, da que aínda conserva un torreón. Unha oportunidade para descubrir a pegada de grandes mestres como Melchor de Velasco, Domingo de Andrade ou Fernando de Casas Novoa, e admirar a Inmaculada de Gambino que preside o seu altar maior.

Casa da Parra

A fachada barroca deseñada por Domingo de Andrade é a súa carta de presentación. Pero, que agocha esta xoia arquitectónica? Un percorrido polo seu interior permitiranos coñecer os seus espazos e as sorprendentes descubertas arqueolóxicas realizadas con motivo da súa rehabilitación.

Luns

- 11 h Convento do Carme
- 12 h Pazo de Bendaña Fundación Granell
- 13 h As Orfas
- 17 h Pazo Arcebispal
- 18 h Pazo de Raxoi
- 19 h Casa da Parra
- 20 h Auditorio de Galicia

Martes

- 11 h Convento do Carme
- 12 h Museo do Pobo Galego
- 13.30 h Escavacións da Catedral
- 17 h Escavacións da Catedral
- 18 h As Orfas
- 19 h Pazo de Raxoi
- 20 h Auditorio de Galicia

Mércores

- 11 h Pazo de Bendaña Fundación Granell
- 12 h Museo do Pobo Galego
- 13 h Casa da Parra
- 17 h Mananciais de Compostela
- 18 h Mananciais de Compostela
- 19 h Mananciais de Compostela
- 20 h Mananciais de Compostela

Xoves

- 11 h Pazo de Bendaña Fundación Granell
- 12 h Museo do Pobo Galego
- 13 h Casa da Parra
- 17 h Convento do Carme
- 18 h Pazo Arcebispal
- 19 h As Orfas
- 20 h Pazo Arcebispal

Venres

- 11 h Pazo de Bendaña Fundación Granell
- 12 h Casa da Parra
- 13.30 h Escavacións da Catedral
- 17 h Escavacións da Catedral
- 18 h As Orfas
- 19 h Pazo Arcebispal
- 20 h Visita secreta